

# X U Ñ O



«Xurdiron, na práctica, multitude de formas de vivir, amar e relacionarse, esperadas por uns, por outros máis ben soportadas, e que outros, á súa vez, impugnan encarnizadamente. E o resultado de todas estas transformacións é o seguinte: tanto na política como no ámbito científico ou na vida cotiá, con excesiva frecuencia deixon de estar claro quen ou que constitúe a familia. Os límites fanse borrosos, as definicións vacilantes, medra a inseguridade. Nestas circunstancias é difícil falar simplemente sobre o concepto de «familia», pois moitos dos conceptos habituais xa non concordan coa realidade, soan anticuados e pode que mesmo un pouco sospeitosos, ao seren incapaces de reproducir o sentimento e a realidade vital das novas xeracións»

*Elisabeth Beck-Gernsheim*  
A reinvenção da familia. En busca de novas formas de convivencia

Consideras, como di o texto, que as xeracións máis novas mudaron o seu concepto de familia? Que relacións pensas que deben denominarse co nome de familia e cales non?

Sabes a que se chama familia biparental e familia monoparental? Investiga en Internet a proporción e o aumento deste tipo de familias? Que opinións da lei de matrimonio entre persoas homosexuais? Comparten esa opinión as persoas do teu contorno?

icales son na túa opinión os cambios máis importantes que experimentou a familia na sociedade actual e a que se deben?

# X U Ñ O

L	M	Me	X	V	S	D
				1	2	3
				1843 Aparece La Unión Obrera, de Flora Tristán, socialista e feminista	1923 Nace a escultora alemá Meier Denninghoff	1906 Nace Josephin Baker, cantante e bailarina. Loitou contra o racismo e os nazis
4	5	6	7	8	9	10
1745 Nace Xosefa Xovellanos, 1ª escritora coñecida en Llingua Asturiana	Mercedes Núñez, comunista luguessa. Sobrevive aos cárceres franquistas e a un campo de concentración	1430 Nace Isabel de Villena. Na súa obra literaria defende a dignidade das mulleres	1876 Falece Aurore Dupin, "George Sand", novelista francesa	1903 Nace Marguerite Yourcenar, escritora, 1ª muller da Academia Francesa. "Alexis"	1793 Olympia de Gouges, defende aos xirondinos ante a Convención Nacional	1989 Arantxa Sánchez Vicario gaña o torneo Roland Garros
11	12	13	14	15	16	17
Durante séculos, a Santa Inquisición asasinou a mulleres transgresoras, "meigas"	1878 Nace Isabel Oyarzábal, actriz, escritora. Pertenciu ao Cons. Supremo Feminista	1900 Nace Mª Grubeshieva, escritora. Congr. Internacional de Escritores Antifascistas	1811 Nace Harriet Beecher Stowe, "Uncle Tom's Cabin", novela antiescravista	1990 As traballadoras da empresa I&E en Asturias inician un peche que durará catro anos	1963 Valentina Treshkova, 1ª muller astronauta, orbitou a Terra en 48 ocasións	1873 Nace Rosa Sensat Vilá. Mestre republicana defensora da Escola Nova
18	19	20	21	22	23	24
1386 Mª Castaña confesa encabezar a revolta contra o bispo de Lugo por tributos abusivos	1945 Nace Aung San Kyi. Funda a Liga Nal. para a Democracia Birmana. Nobel da Paz	1933 Morre Clara Zetkin, destacada líder histórica da socialdemocracia alemá	Día Nacional en El Salvador por unha Educación non sexista	1926 Nace Marta Mata i Garriga, foi Presidenta do Consello Escolar do Estado	1962 Jacqueline Auriol, aviadora, bate o record do mundo feminino de velocidade	1927 Margarita Xirgu estrea en Barcelona "Mariana Pineda" de García Lorca
25	26	27	28	29	30	
1870 A Rainha Isabel II abdica do trono español	1892 Nace Pearl S. Buck, escritora estadounidense. Nobel de Literatura en 1938	1729 Morre Elisabeth C. Jacquet, compositora francesa alcumada "marabilla do século"	Día Internacional do Orgullo de lesbianas, gays e transexuais	2003 Falece Katharine Hepburn, actriz estadounidense	2005 O Congreso aproba a "Lei de Reforma do Código Civil" que permite o matrimonio entre persoas do mesmo sexo.	